

21. Joan Miró. O carnaval do arlequín.



Identificación

- **Título:** *Carnaval de Arlequín*
- **Autor:** Joan Miró
- - **Localización:** Albright-Knox Art Gallery, Buffalo, EE.UU.
- **Data:** Pintado entre 1924 e 1925.
- **Estilo:** Surrealismo abstracto.
- **Técnica:** Óleo sobre lenzo.
- **Dimensiones:** 66 × 93 cm.

Contexto e estilo pictórico

O *Carnaval de Arlequín* (1924-1925) é unha das obras máis destacadas de Joan Miró e un exemplo paradigmático do **surrealismo**. Este movemento artístico, que buscaba explorar o subconsciente e o mundo dos sonhos, influíu profundamente en Miró, quen creou un universo propio cheo de símbolos e formas abstractas.

O autor

- Joan Miró (1893-1983), pintor, ceramista e escultor catalán.
- Tivo unha evolución artística: do fauvismo, etapa cubista, para acabar por formar parte dos surrealistas.
- Surrealista abstracto: estilo moi persoal, onde utiliza signos e ideogramas relacionados coa natureza (animais, astros) e co home e a muller.
- Interese polo "infantil" e pola cultura tradicional catalá.

O surrealismo

O **surrealismo**, ao que pertence esta obra, caracterízase por:

- A representación do subconsciente e o irracional.
- O uso de formas biomórficas e abstractas.
- A integración de elementos oníricos e simbólicos.
- A ruptura coas normas tradicionais da perspectiva e a composición.

Análise

Tema

- Escena onírica: os elementos parecen participar nunha especie de "carnaval" caótico.
 - O arlequín, figura central da obra, simboliza a comedia e a liberdade creativa.
 - Ao seu redor, aparecen figuras abstractas, animais fantásticos e obxectos que flotan nun espazo sen gravidade.
- Elementos do cadro mesturan experiencias persoais do autor como a busca por liberar a súa imaxinación.
 - Referencias autobiográficas como un gato (que acompañaba ao artista) ou unha esfera terrestre (símbolo do desexo de conquistar o mundo).
 - Botella moi esquemática, da que sae un fume branco (soños de muller).
 - Fume negro que se transforma nun brazo que atravesa o cadro e remata na man branca que sostén a escaleira (símbolo da evasión cara á liberdade).
 - Cinta branca e brazo negro (eixes que dividen o cadro vertical e horizontalmente), remarcado polo solo marrón e a parede *beige*.
 - Unha guitarrista (busto vermello, cabeza amarela), co brazo esquerdo inicia unha canción (como simboliza o pentagrama), que parece ser seguida polo paxaro vermello sobre fondo amarelo. Co brazo dereito sostén unha cinta coas cores da bandeira (española ou catalá).
 - O arlequín (á esquerda): cun grande bigote e fuma en pipa.

- Del sae unha póla cun pequeno insecto azulado que pon tres ovos grandes (símbolo creación).
- Pescozo longo e oco no estómago (símbolo da fame que pasa o autor).
- Leva nunha man unha paleta triangular de pintor, e na outra unha frauta, que se transforma nun dragón que xoga cunhas pelotas.
- Un insecto, no lado dereito do arlequín, cunhas ás pintadas con cores primarias. Esta a saír dun dado e xoga cunha pelotas coma malabarista (símbolo da vida alegre e despreocupada).
- Na esquerda, unha escaleira, cuxos chanzos diminúen en altura e distancia (perspectiva clásica).
- Na parte alta, unha orella e un ollo (símbolo do ser humano), que sae da escaleira para acadar a liberdade (ou chegar ao espiritual).
- Onda o ollo, un cartabón (símbolo masónico, home creador e construtor).
- Onda a orella, dous peixes voadores (símbolos xenitais masculinos), que avanzar cara á femia.
- Na parte central, unha grande esfera en branco e negro (símbolo da lúa).
- Na parte inferior, un paxaro (símbolo do órgano xenital masculino?).
- No chan:
 - Dous gatos vestidos de arlequín que xogan cun nobelo.
 - Sobre o gato amarelo, un insecto (o feminino).
 - Unha mesa (símbolo da comida e da fame), en escorzo, que se sostén sobre 1 soa pata.
 - Ten enriba un peixe, dúas froitas, un libro aberto coas páxinas en branco e un mantel.

- Tamén un globo terráqueo atravesado por unha frecha (símbolo do desexo por saír da pobreza e conquistar o mundo).
 - Na parte superior:
 - Unha xanela, rodeada por unha especie de verme (aparenta ser unha cabicha branda, co filtro amarelo, símbolo da elegancia e sofisticación).
 - Está aberta (símbolo da liberdade).
 - Lúa, pirámide (Torre Eiffel) e unha árbore vermella
- A obra foi pintada en París nun período de penuria económica para o artista, quen afirmou que as alucinacións provocadas pola fame influíron na súa creación.

Composición

- A composición é dinámica e pechada, xa que se desenvolve nun espazo interior delimitado por unha xanela que suxire profundidade.
- Non obstante, a perspectiva clásica queda anulada pola disposición flotante dos elementos. As formas son predominantemente curvas e circulares, o que crea unha sensación de movemento continuo.
- *Horror vacui*.
- O cadro está organizado mediante un eixo vertical e horizontal que divide o espazo en seccións equilibradas. Este esquema estrutural axuda a guiar a mirada do espectador a través da multitude de detalles que comentamos con anterioridade.

Uso da cor

- Miró emprega cores planas e vibrantes, destacando as primarias (vermello, azul e amarelo), complementados por branco e negro.
- Estes tons crean contraste e ritmo visual, reforzando a sensación lúdica da obra.
- A cor non só é decorativa senón tamén **simbólica**, contribuindo á atmosfera máxica do cadro.

Uso das liñas

As liñas son fundamentais na obra:

- Curvas para xerar dinamismo e rectas para estruturar o espazo.
- Funcionan como conexións entre os diferentes elementos do cadro, creando unha narrativa visual fluída.

Influencia e importancia histórica

O *Carnaval de Arlequín* marcou un punto de inflexión na carreira de Miró, consolidándoo como un dos principais representantes do surrealismo. Foi exposto na prestixiosa *Peinture surréaliste* en París en 1925 xunto a artistas como Picasso ou Ernst, gañando recoñecemento internacional.

A obra influíu profundamente no desenvolvemento do surrealismo ao introducir unha linguaxe visual única baseada no subconsciente e na liberdade creativa. Ademais, inspirou xeracións posteriores de artistas ao demostrar como a abstracción podía transmitir emocións complexas e significados profundos.

Conclusión

O *Carnaval de Arlequín* é unha obra icónica que combina técnica innovadora, simbolismo persoal e exploración do subconsciente. A súa riqueza visual fai dela un exemplo perfecto para comprender o surrealismo e a evolución artística de Joan Miró. Esta pintura non só marcou un fito na súa traxectoria senón tamén na historia da arte moderna.